



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO SERVIZO DE EXPROPIACIÓNS E CONTROL DE PROXECTOS

Anuncio

Na súa sesión do 25/08/2023 a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou o inicio do expediente expropiatorio, que se tramitará pola vía de urxencia, conforme o artigo 22.5 da Lei 6/2015, do 7 de agosto, pola que se modifica a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, dos bens e dereitos necesarios para a execución das obras do PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DE PONTE SOBRE O RÍO AZÚMARA, ENSANCHE E MELLORA DA LU-P-1611 "CINTURÓN COMARCAL" DO P.K. 106+500 AO 107+887, POL-CASTROVERDE, aos efectos previstos no artigo 52 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa (LEF).

En cumprimento e execución do citado acordo, anúnciase o levantamento das Actas Previas á ocupación, ao que se refire o apartado 2º do artigo 52 da LEF, que terá lugar o día 27/11/2023 ás 11:00 horas, na Casa do Concello de Castroverde, sen prexuízo de que o equipo técnico-administrativo se traslade, se é necesario, ao lugar no que se atopen situados os bens obxecto de expropiación e para cuxos actos cítase aos propietarios, aos demais afectados e a cantas persoas ou entidades poidan ostentar dereitos sobre tales bens.

As actas levantaránse aínda no suposto de que non concorran os propietarios e demais interesados ou quen debidamente lles representen.

A tales efectos poderán concorrer persoalmente ou debidamente representados, acreditando a súa personalidade e podendo facerse acompañar á súa costa de perito e notario, debendo aportar a documentación precisa respecto á titularidade dos dereitos que aleguen (títulos rexistrados, cédulas de propiedade, etc.).

En aplicación do disposto no artigo 56.2 do Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento da Lei de expropiación forzosa, os interesados poderán formular escrito dirixido ao Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con cantas alegacións estimen pertinentes ata o levantamento das Actas Previas e só aos efectos de emendar os posibles erros que se puidesen padecer ao relacionar os bens afectados pola urxente ocupación.

A relación dos bens e dereitos afectados é a que segue:

Nº no plano	Referencia catastral	Propietario	Tipo de solo	Sup. a expropiar (m ²)	Outros bens afectados
55-A2	27011B001000340000DP	Herdeiros de José Seijas Domínguez	Rústico (monte)	347,00	27 uds. de árbores frondosas de ribeira

Lugo, 24 de outubro de 2023.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 3341

CONCELLOS**CERVANTES***Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

Aprobados por Resolución de alcaldía de data 19 de outubro de 2023, os padróns que a continuación se relacionan, expóñense ao público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

- Taxa polo servizo de recollida domiciliaria do lixo (3º trimestre de 2023).
- Taxa polo servizo de subministro domiciliar de auga potable e canon da auga (3º trimestre de 2023).

Recursos: Contra o acordo da aprobación dos padróns se poderá interpor recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: un mes contado dende o día inmediato seguinte ao do término do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre: Alcalde do concello de Cervantes.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado o exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canon de auga no período voluntario suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Cervantes, 25 de outubro de 2023.- O alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 3343

GUNTÍN*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA**

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, (Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 218 de 21/09/2023) queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 15 de setembro de 2023, sobre a modificación de subvención nominativa, sen incremento da contía global das subvencións nominativas, quedando o cadro de subvencións nominativas 2023 do seguinte xeito:

BENEFICIARIOS	APLICACIÓNS	IMPORTE
Festas Patronais de Guntín	338.480	2.800,00
Festas Parroquias (350 *festa e parroquia)	338.480	10.850,00
Torneo Tute	338.480	500,00

Asociación de veciños San Estaben da Mota	338.480	400,00
Excursión Colexios	338.480	1.500,00
A.P.As (Guntín e Lousada)	338.480	15.500,00
Amigos Mosteiro de Ferreira	338.480	1.000,00
Certame Condado de Pallares	338.480	2.000,00
Asociación Cultural Banda Municipal de Guntín	338.480	34.000,00
Asociación O Carrual	338.480	800,00
Festa da Troita	338.480	700,00
Guntín Veteranos	341.480	2.500,00
Fútbol-sala Guntín	341.480	1.000,00
Club Atletismo	341.480	2.000,00
Club Deportivo Guntín	341.480	20.000,00
Publicidade participación Campionato de Rallyes Manuel Mourellos Varela	341.480	2.000,00
Asociación de Pensionistas e Jubilados o Ramallo de Portomarín	341.480	500,00
TOTAL SUBVENCIONSNOMINATIVAS2023		98.050,00

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, a interposición de dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Guntín, 25 de outubro de 2023.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 3344

Anuncio

Á vista do recurso nº 2702804530202300000362, interposto por D^a. Jesusa Marqués Rodríguez contra o Concello de Guntín, e segundo o disposto no artigo 44 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, notificase mediante este edicto a todas aquelas persoas descoñecidas interesadas no procedemento, para que no prazo de NOVE DÍAS poidan persoarse como demandados ante o Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Lugo.

Guntín, 25 de outubro de 2023.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 3345

PEDRAFITA DO CEBREIRO*Anuncio***CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (1 OFICIAL DE 2ª- CONDUTOR) AO ABEIRO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS - PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2023**

POSTO DE TRABALLO: 1 OFICIAL DE 2ª- CONDUTOR

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro, será necesario adiantala por fax(982 367150), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - Oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Pedrafita do Cebreiro

Pedrafita do Cebreiro, 24 de outubro de 2023.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 3346

POL*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 23/10/2023 aprobouse o Padrón da Taxa pola prestación do Servizo de Abastecemento de Auga correspondente ao terceiro trimestre do ano 2023.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, para ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 07/11/2023 ao 08/01/2024ámbolos dous inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado ao efecto para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca ou Caixa Rural. No caso de non recibilos, o contribuínte poderá obter un duplicado nas oficinas municipais, a non recepción non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

A falla de pagamento do canon da auga suporá a esixencia do mesmo directamente pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

A presente publicación, ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Pol, 23 de outubro de 2023.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 3347

A PONTENOVA*Anuncio***LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DE SETEMBRO 2023.**

Por Resolución de alcaldía do 24 de outubro de 2023, resólvese prestar aprobación da devandita listaxe que estará exposta nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar: **dende o 13 de novembro de 2023 ao 15 de xaneiro 2024**, ámbolos dous inclusive.

B) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcurrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

A Pontenova, 24 de outubro de 2023.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3348

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

PROGRAMA DE AYUDAS MUNICIPALES A LA CREACION DE EMPRESAS DEL AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMOS, 2023

BDNS (Identif.): 723296

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/723296>)

1. OBJETO Y FINALIDAD DE LA CONVOCATORIA

Esta convocatoria tiene por objeto fijar las bases reguladoras y convocar la concesión, para el año 2023 del PROGRAMA DE FOMENTO DE LA INICIATIVA EMPRESARIAL EN EL AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMOS, con la finalidad de colaborar de una forma activa en la generación de empleo en el municipio apoyando la puesta en marcha de nuevos proyectos empresariales

2. BENEFICIARIAS

Podrán acogerse a estas ayudas los/as empresarios/as individuales y las pequeñas y medianas empresas (PYME), independientemente de su forma jurídica, que iniciasen su actividad empresarial entre el 1 de noviembre de 2022 y el 31 de octubre de 2023. Se entenderá por inicio de actividad el alta en el IAE. Para el carácter de PYME se tendrá en cuenta lo establecido en el Anexo I del Reglamento nº 651/2014 de la Comisión Europea.

3. BASES REGULADORAS.

Pueden consultarse las bases reguladoras de la presente convocatoria en la siguiente dirección: www.monfortedelemos.es en la sección de SUBVENCIONS. Las entidades interesadas deberán presentar las solicitudes de acuerdo con los modelos normalizados que se facilitarán en el Registro general del Ayuntamiento de Monforte de Lemos, en los servicios sociales comunitarios o en la web www.monfortedelemos.es.

4. CUANTÍA.

Para la financiación de estas ayudas se destina un crédito de 30.000,00 €.

5. PLAZO DE PRESENTACION DE LAS SOLICITUDES.

El plazo de presentación de solicitudes será desde el día siguiente a la publicación del extracto de las bases en el Boletín Oficial de la Provincia y hasta el 30 de noviembre de 2023

MONFORTE DE LEMOS, 25 de octubre de 2023.- O ALCALDE, JOSÉ TOMÉ ROCA.

R. 3349